

*SEGUNDA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓN S OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE O ROSAL PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 3303 TABAGÓN-GOLÁN DENDE O PQ 1+795 ATA O PQ 3+600. TREITO II”*

*INTERVENEN*

*Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Dontra parte, Ánxela Fernández Callís, alcaldesa do Concello de O Rosal, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.*

*As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

*EXPOÑEN*

*I.- O 12 de xullo de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello de O Rosal formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goián dende o PQ 1+795 ata o PQ 3+600. Treito II (Concello de O Rosal)”, con vixencia ata o 31 de decembro de 2023. O 03 de agosto de 2023 formalizouse a primeira addenda ao no que se modificaba o financiamento previsto no Convenio como consecuencia da concesión dunha axuda por parte do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).*

*II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.*

*III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.*

*Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e*

*PACTAN*

*PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de O Rosal para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goián dende o PQ 1+795 ata o PQ 3+600. Treito II (Concello de O Rosal)”.*



*A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*

*SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 12 de xullo de 2022, modificado pola addenda asinada o día 3 de agosto de 2023, mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”*

*E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.*